



CIRCULAR INFORMATIVA 5/2024

FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO 2024: PROGRAMA COMPLETO

Presentámosvos a programación completa dos actos para celebrar o San Raimundo 2024 o vindeiro 5 de abril.

- 18.00 h Misa na Capela da Corticela da Catedral de Santiago de Compostela, que se aplicará en lembranza dos/as compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no **Salón Nobre do Pazo de Fonseca**:
- ❖ Entrega da Medalla de Ouro do ICA Santiago
 - ❖ Entrega do XIV Premio de Dereitos Humanos
 - ❖ Entrega de insignia de ouro e diplomas aos colexiados e colexiadas que cumpren 40 anos de exercicio profesional
 - ❖ Entrega de diplomas aos letrados e letradas que cumpren 25 anos de exercicio profesional
 - ❖ Xura ou promesa de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do **Pazo de Fonseca**
- 22.00 h Cea-baile no **hotel Oca Puerta del Camino**

22.00 h: Aperitivo no Piano Bar

22.30 h: Cea

Menú:

Salpicón de peixe sapo e lagostinos

Corvina asada

Solombo de porco ibérico

Coulant clásico de chocolate

Adegas:

Viño branco DO Ribeiro (Antonio Montero)

Viño tinto DO Ribera del Duero (Protos)

Cava

Augas, refrescos e cervexas

Cafés e licores

Barra (2 consumicións incluídas no prezo)

Baile con DJ

Reserva de mesas

As tarxetas de invitación poderán retirarse na secretaría do colexio ata o día 27 de marzo, ás 20 h. Existe a posibilidade de reservar mesas completas, se así se solicita, no momento de retirar as invitacións (mesas con capacidade de 8 ou 10 persoas).



CIRCULAR INFORMATIVA 5/2024

Prezos

Nos prezos xa figura aplicada a subvención do colexio:

- Colexiados/as de máis de 5 anos: **58 €**
- Colexiados/as de menos de 5 anos: **50 €**
- Alumnado da EPX/máster: **50 €**
- Acompañantes (1 por colexiado/a): **58 €**
- Outras persoas (non colexiadas): **80 €**

Servizo de autobuses:

- Ida: 21.15 h / 21.45 h, da praza de Galicia ata o hotel
- Volta: 3.00 h / 4.00 h (aprox.), dende o hotel ata a praza de Galicia.